

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE DATA 11 DE AGOSTO DE 2023 EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE PROFESOR DE MÚSICA DO PROCESO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 2064/2022.

En data 11 de agosto de 2023 e sendo as 12:30 horas, reúnese de maneira presencial, o Tribunal cualificador para o ingreso por concurso-oposición da praza de Profesor de Música do proceso excepcional de estabilización de emprego temporal do excelentísimo Concello de Lalín (Pontevedra). Baixo a presidencia de Don Manuel Carramal Silva; coa asistencia do vogal: Don Antonio Santos Guerra; actuando como Secretario, Don Román Pérez García, **quen dá fe do acto.**

Como asesores Don José Luis Taboada Areán e Don Benxamín Otero Otero e como Persoal colaborador Dona Alba Louzao Rodríguez.

Enténdese constituído o tribunal posto que existe quórum.

1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.

Na sesión celebrada en Xunta de Goberno Local na data 20/12/2022 aprobáronse as Bases que rexen os procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para cubrir as prazas correspondentes á Oferta de Emprego Público Extraordinario para a estabilización do emprego público temporal deste Concello .

Vista a acta da sesión do Tribunal Cualificador de data 02 de agosto de 2023 en relación co procedemento selectivo para o ingreso por concurso-oposición de profesor de música do proceso excepcional de estabilización de emprego temporal do Excelentísimo Concello de Lalín (Pontevedra).

Por parte do Presidente e, trala comunicación co resto das persoas integrantes do tribunal cualificador do presente proceso selectivo, enténdese necesario ter unha reunión previa e co gallo de poder organizar a elaboración do exercicio da fase de oposición.



2.- ORGANIZACIÓN DO EXAME.

De acordo co Anexo I das bases que regulan o proceso selectivo en cuestión, a fase de oposición consta da realización dun exercicio teórico-práctico que **terá un valor de 60 puntos como máximo**. Neste caso, o Tribunal decidiu que sería unha proba práctica, consistente na interpretación dunha peza, sen acompañante, cuxa duración máxima será de 10 minutos.

3.- REALIZACIÓN DA PROBA

Ás 13.05 h comenza a realización da primeira proba práctica do proceso selectivo da fase de oposición, tendo unha duración máxima de 10 minutos e rematando, polo tanto, ás 13.15 h.

Dos 2 aspirantes admitidos, só se presentou 1.

4.- CORRECCIÓN DA PROBA PRÁCTICA DA FASE DE OPOSICIÓN

Con posterioridade á finalización da primeira proba práctica, consistente na interpretación dunha peza, sen acompañante, os membros do tribunal proceden á corrección da mesma.

A puntuación PROVISIONAL acadada polo aspirante, foi a seguinte:

1 PROFESOR/A MÚSICA (A2) (CONCURSO OPOSICIÓN)			
NUM	APELIDOS E NOME	DNI CRIBADO	PROBA PRÁCTICA
1.	Santaclara Ríos, Pablo Emilio	***6797**	48,90
2.	Diéguez Beltrán, Carlos	***6870**	Non Presentado**



5.- CORRECCIÓN DA FASE DE CONCURSO

Resolta a fase de concurso de méritos, a puntuación PROVISIONAL queda do seguinte xeito:

1 PROFESOR/A MÚSICA (A2) (CONCURSO OPOSICIÓN)					
NUM	APELIDOS E NOME	DNI CRIBADO	Méritos Profesionales	Méritos Académicos	Puntuación Total
1.	Santaclara Ríos, Pablo Emilio	***6797**	36,00	4,00	40,00

** Como indica a base oitava das bases selectivas “A fase de oposición terá carácter eliminatorio” ao non presentarse á proba práctica da fase de oposición , non se lle realizou a este, a fase de concurso por quedar automaticamente excluído do procedemento.

En relación con ditas probas, a persoa aspirante poderá presentar as alegacións que considere oportunas no prazo de **cinco días hábiles**, que se contarán dende o día seguinte á publicación desta Acta na páxina web e na sede electrónica deste Concello de Lalín.

6- FINALIZACIÓN DA SESIÓN:

Ás 17:15 horas o Presidente da por rematada a sesión, de todo do que eu, como secretario dou fe.

